

I.E.S. OTERO PEDRAYO - OURENSE

PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

HISTORIA DE ESPAÑA

II BACHARELATO

CURSO 2018-2019

Materia impartida polos profesores

Ramón Estévez Barreira

Agustina Rodríguez Viña

Álvaro Pérez Cancelas

Profesorado do Departamento

Ramón Estévez Barreira

Agustina Rodríguez Viña

Daniel Lorenzo Valdivieso

José Cacheiro Fernández

Carolina Suárez García

José Vázquez-Monjardín Fernández

Álvaro Pérez Cancelas

INDICE

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	27
4- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	30
5- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	32
6- ELEMENTOS TRANSVERSAIS	32
7- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	33
8- CONTRIBUCIÓN PROXECTO LECTOR.....	33
9- CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.	34
10- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....	34

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño 2015 (DOG 29-VI-2015), marca como finalidade do Bacharelato: proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico

relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIAIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Obxectivos xerais do Bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Competencias clave

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Distribución temporal e secuenciación.

U. D.1.- Hispania e Gallaecia na antigüidade

- As orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas.
- As principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia.
- O impacto da romanización na península ibérica.
- A chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular.

Carga horaria: 5 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m n p	1.1. As primeiras culturas. - Os inicios do poboamento peninsular - Colonización de pobos do Mediterráneo oriental - A Idade do	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.Comprender a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e coñecer os vestixios das primeiras culturas peninsulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.1.Comprende a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas. ▪ 1.1.2.Diferencia as orixes míticas das culturas e pobos peninsulares dos 	CSC CAA CCL CCEC

	<p>Ferro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os pobos prerromanos - O dominio cartaxinés 		<p>coñecementos obtidos a través de fontes científicas e históricas.</p> <ul style="list-style-type: none"> 1.1.3. Coñece as principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia. 	
a,b,c,d,e,h,i,m g n p	<p>1.2. A romanización</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Hispania romana - A Gallaecia romana 	<ul style="list-style-type: none"> 1.2. Valorar o impacto da romanización na península ibérica e recoñecer algúns dos máis destacados vestixios da civilización romana. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.2.1. Describe as etapas da conquista romana de Hispania e Gallaecia. 1.2.2. Identifica e valora as transformacións do hábitat, así como as consecuencias económicas e sociais da romanización. 1.2.3. Analiza e comenta o impacto cultural da presenza de Roma en Hispania e Gallaecia. 1.2.4. Selecciona algunha obra do legado romano e comenta o seu impacto. 	<p>CSC CAA CCL CCEC CD</p>
a,b,c,d,e,h,i,m g n p	<p>1.3. Os reinos xermánicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - O reino dos suevos en Gallaecia - O reino dos visigodos 	<ul style="list-style-type: none"> 1.3. Comprender e valorar a chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.3.1. Identifica os principais pobos xermánicos que penetraron en Hispania. 1.3.2. Analiza e comenta os trazos do reino suevo de Gallaecia. 1.3.3. Explica a organización e dificultades do reino visigodo en Hispania. 1.3.4. Elabora un eixe cronolóxico no que sitúe os principais acontecementos comprendidos entre o inicio da conquista romana e a fin dos reinos xermánicos. 	<p>CSC CAA CCL CCEC CD CMCCT</p>

U. D. 2- Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais

- As singularidades da convivencia de cristiáns e musulmáns durante a Idade Media peninsular.
- O avance e rápido dominio musulmán na península despois de 711.
- O modelo social, económico e cultural dos reinos cristiáns en contraste co modelo dos reinos e territorios musulmáns.
- O desenvolvemento económico e cultural alcanzado pola sociedade hispana de al-Andalus.
- Os vestixios máis destacados da civilización musulmá presentes na actualidade.
- A orixe, evolución e características das diferentes unidades territoriais que se foron configurando na península Ibérica.
- A especificidade do reino de Galicia durante a Idade Media.
- O Camiño de Santiago como vía cultural e artística e os estilos que se configuraron ao seu arredor: o Románico e o Gótico.

Carga horaria: 6 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m g n	2.1.O esplendor de al-Andalus e a formación dos reinos cristiáns - Conquista e ocupación islámica - Emirato e califato de Córdoba - A orixe dos reinos cristiáns - Reconquista e repoboación - As campañas de Almanzor e a fin do califato de Córdoba -A presenza musulmá en Galicia	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.1.Coñecer os trazos e evolución do dominio musulmán e a orixe dos reinos cristiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.1.1. Explica o inicio e evolución da conquista musulmá da península ibérica ▪ 2.1.2.Caracteriza as etapas do dominio musulmán e resume os cambios económicos, sociais e culturais de al-Andalus. ▪ 2.1.4.Comprende a orixe dos reinos cristiáns e sintetiza a súa evolución. ▪ 2.1.4.Analiza a presenza musulmá en Galicia. ▪ 2.1.5.Selecciona unha obra de arte islámica e comenta os seus valores e características. 	CSC CAA CCL CCEC CD
a,b,c,d,e,h,i,m g n	2.2.A expansión cristiá e a fin de al-Ándalus - Taifas, parias e reinos cristiáns - A loita contra os almorábides - Creación da Coroa de Aragón e independencia de Portugal - A loita contra os almohades	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2.Explicar a evolución e expansión dos reinos cristiáns 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2.1.Identifica as unidades políticas que se foron configurando no territorio cristián reconquistado. ▪ 2.2.2.Explica os sistemas de repoboación cristiá e as súas consecuencias. ▪ 2.2.3.Analiza as consecuencias das 	CSC CAA CCL CD CMCCT

	<ul style="list-style-type: none"> - Creación da Coroa de Castela e conquista de Andalucía e Levante - Cartas de poboamento, doazóns e repartimentos - A expansión catalanoaragonesa - O reino nazarí de Granada 		<p>invasións musulmás de almorábides e almohades.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1492 situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a al-Ándalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>2.3.Sociedade e monarquía feudal</p> <ul style="list-style-type: none"> - A sociedade feudal - A monarquía feudal - Da ruralización ao desenvolvemento urbano e comercial 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.Coñecer os trazos básicos da economía, sociedade e política da época feudal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.1.Identifica e caracteriza os trazos básicos do feudalismo peninsular. ▪ 2.3.2.Elabora un cadro-síntese coas características dos grupos sociais no feudalismo. ▪ 2.3.3.Explica a orixe e características do réxime señorial e da monarquía feudo-vasalática. ▪ 2.3.4. Compara a organización política da Coroa de Aragón e a de Castela ao remate da Idade Media. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>2.4.A crise dos séculos XIV e XV</p> <ul style="list-style-type: none"> - A crise demográfica e a Peste Negra - Crise e recuperación económica - Crise política e revoltas nobiliarias - Crise e revoltas sociais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.4.Identificar os problemas políticos, sociais e demográficos de finais da Idade Media. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.4.1.Describe as causas da crise demográfica do século XIV e valora as súas consecuencias. ▪ 2.4.2.Sintetiza as crises políticas dos reinos cristiáns e as guerras orixinadas. ▪ 2.4.3.Identifica os principais focos de tensión social e describe as súas características. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m g p	<p>2.5.A Galicia medieval</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un reino sen rei - Os señores de Galicia - As peregrinacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.5.Sintetizar os trazos específicos da Galicia medieval 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.5.1.Identifica e valora a evolución política do reino de Galicia na Idade Media. ▪ 2.5.2.Explica e 	CSC CAA CCL CD CCEC

	a Compostela - Reactivación da vida urbana - As dificultades do século XIV - A revolta dos irmandiños		valora as consecuencias da existencia dos foros. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.5.3. Valora o fenómeno das peregrinacións a Compostela. ▪ 2.5.4. Busca información para elaborar un breve dossier sobre a revolta irmandiña. 	
a,b,c,d,e,h,i,m g n p	2.6. O Camiño de Santiago	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.6. Describir a orixe e evolución do Camiño de Santiago e as manifestacións culturais e artísticas con el vinculadas, especialmente a arte románica e gótica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.6.1. Valora o Camiño de Santiago como vía cultural e artística. ▪ 2.6.2. Describe as características dos estilos Románico e Gótico. ▪ 2.6.3. Busca e selecciona unha obra románica e outra gótica para analizar e comentar as súas características e diferenzas. 	CSC CAA CCL CD CCEC

U. D. 3- Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica

- O reinado dos Reis Católicos como o tránsito da Idade Media á Idade Contemporánea e o inicio da formación do Estado moderno, coa transformación dos órganos de goberno e o reforzo da autoridade nos monarcas.
- O proceso de exploración e conquista das terras descubertas en América e as súas consecuencias.
- O modelo político instaurado polos monarcas Austrias na Monarquía hispánica.
- Os distintos territorios que formaron parte da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII.
- A posición internacional da Monarquía hispánica, hexemónica no século XVI e de dificultades e guerras continuas no século XVII.
- O papel de Galicia na política internacional dos monarcas Austrias.
- O Humanismo renacentista e a Contrarreforma católica, así como os estilos artísticos da época. O Renacemento e o Barroco.

Carga horaria: 6 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m p	3.1. Os Reis Católicos - Unión dinástica - Pacificación dos reinos e sometemento dos señores	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e o Antigo Réxime 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1.1. Define o concepto de unión dinástica e describe as características do novo tipo de goberno 	CSC CAA CCL

	feudais - Dominación de Galicia - Establecemento da Inquisición e expulsión dos xudeus - Reorganización política administrativa - Ampliación territorial - Descubrimento de América e reparto do mundo - A política matrimonial e o problema sucesorio	destacando os trazos herdados e os feitos que marcan o camiño da modernidade.	establecido polos RR CC. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1.2. Analiza a actuación dos RR CC en relación con Galicia. ▪ 3.1.3. Analiza as consecuencias da ampliación territorial levada a cabo durante o seu reinado. ▪ 3.1.4. Valora os acontecementos de 1492 e o reparto do novo mundo con Portugal. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	3.2. A Monarquía dos Austrias. - A Monarquía hispánica. Trazos xerais - Carlos I e o Imperio universal - A Monarquía católica de Filipe II - A hexemonía dinástica de Filipe III - Filipe IV e a loita polo mantemento da hexemonía - Carlos II e o problema sucesorio	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2. Coñecer os trazos xerais da Monarquía hispánica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2.1. Describe as bases políticas, sociais, económicas da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII. ▪ 3.2.2. Destaca os feitos máis salientables dos reinados de Carlos I e Filipe II ▪ 3.2.3. Caracteriza os reinados de Filipe III e Filipe IV, con especial atención ás propostas do Conde-Duque. ▪ 3.2.4. Analiza a perda de hexemonía e o sistema de Westfalia-Pirineos e o problema sucesorio á morte de Carlos II. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	3.3. Conquista e explotación da América española - A conquista da América española - O goberno das Indias - A explotación das Indias	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3. Caracterizar as fases da conquista e os trazos da explotación das colonias americanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3.1. Elabora un eixe do tempo coas fases da conquista americana e os feitos máis significativos. ▪ 3.3.2. Explica o modelo de dominio e de explotación e as críticas 	CSC CAA CCL

	- A evanxelización		<p>formuladas contra ela.</p> <ul style="list-style-type: none"> 3.3.3.Valora o intercambio Europa-América a través da selección e comentario dalgún dos produtos intercambiados. 	
a,b,c,d,e,h,i,m p	<p>3.4. A Galicia dos Austrias</p> <ul style="list-style-type: none"> - Organización administrativa do Reino - Galicia e a explotación das colonias - Galicia e as guerras dos Austrias - Sociedade agraria e novos cultivos 	<ul style="list-style-type: none"> 3.4.Coñecer os trazos e feitos máis significativos de Galicia durante os reinados dos monarcas da casa de Habsburgo. 	<ul style="list-style-type: none"> 3.4.1.Describe a organización administrativa do reino de Galicia. 3.4.2.Analiza o papel de Galicia no contexto xeral das guerras da Monarquía hispánica. 3.4.3.Valora a introdución en Galicia de produtos americanos e os seus efectos sobre a demografía e a sociedade. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m g n p	<p>3.5.Humanismo e Contrarreforma</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Humanismo - O Renacemento - A Contrarreforma católica - O Barroco 	<ul style="list-style-type: none"> 3.5.Identificar os trazos do Humanismo e da Contrarreforma e dos estilos artísticos do Renacemento e do Barroco. 	<ul style="list-style-type: none"> 3.5.1.Caracteriza o movemento do Humanismo e da Contrarreforma no contexto xeral da súa época. 3.5.2.Describe as características dos estilos do Renacemento e do Barroco. 3.5.3.Busca e selecciona unha obra renacentista e outra barroca para analizar e comentar as súas características e diferenzas. 	CSC CAA CCL CD CCEC

U. D. 4- A Monarquía borbónica no Antigo Réxime

- Os trazos fundamentais que definen o Antigo Réxime hispano.
- O modelo de organización que introduce a nova dinastía borbónica na Coroa de España.
- O esforzo reformista iniciado polos ilustrados españois e galegos, así como as dificultades e limitacións con que se atoparon.
- O impacto que a Revolución francesa de 1789 tivo sobre a sociedade e sobre a monarquía españolas.
- As diferentes consecuencias que o novo modelo político centralista e uniforme tivo para os distintos reinos, señoríos e territorios peninsulares
- A evolución da situación internacional da Monarquía borbónica española durante o século XVIII.
- A situación de Galicia durante o século XVIII e os feitos máis destacables relacionados cos acontecementos da nova dinastía.

Carga horaria: 6 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	4.1. O Antigo Réxime - Sistema económico predominantemente agrario - Réxime demográfico antigo - Sociedade estamental - Analfabetismo e relixiosidade - Persistencia do réxime señorial - Monarquía absoluta e soberanía real	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.1.Describir os trazos xerais do Antigo Réxime. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.1.1. Valora a persistencia dun sistema económico predominantement e agrario. ▪ 4.1.2.Caracteriza o Antigo Réxime desde o punto de vista demográfico e social. ▪ 4.1.3.Identifica os trazos da persistencia do réxime señorial. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	4.2.Os Borbóns e a Coroa de España no século XVIII - Filipe V e o centralismo borbónico - Fernando VI e o pacifismo - Carlos III e o reformismo Ilustrado - Carlos IV e o impacto da Revolución francesa	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.2.Analizar os cambios no modelo de organización política que introduce a nova dinastía e os feitos máis destacados do reinado dos primeiros monarcas Borbón en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.2.1.Analiza o cambio dinástico e as dificultades no inicio da nova dinastía. ▪ 4.2.2.Describe as reformas do novo Estado borbónico. ▪ 4.2.3. Destaca os feitos máis salientables dos reinados de Filipe V e Fernando VI. ▪ 4.2.4.Caracteriza o 	CSC CAA CCL

		España.	reinado de Carlos III, con especial atención ás propostas das reformas ilustradas e as dificultades para levalas a cabo. <ul style="list-style-type: none"> 4.2.5. Analiza o reinado de Carlos IV no contexto dos sucesos iniciados coa Revolución de 1789. 	
a,b,c,d,e,h,i,m p	4.3.A Galicia borbónica - As realizacións dos Borbóns en Galicia - Galicia e as guerras dos Borbóns - Fidalgos e comerciantes - A Ilustración en Galicia	<ul style="list-style-type: none"> 4.3. Coñecer as principais realizacións dos Borbóns en Galicia e valorar o labor dos ilustrados galegos e das institucións máis destacadas. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.3.1. Identifica e describe as principais realizacións dos primeiros Borbóns en Galicia. 4.3.2. Comenta o papel de fidalgos e comerciantes como grupos máis activos da sociedade galega do século XVIII. 4.3.3. Identifica os principais ilustrados galegos e as súas propostas e valora as realizacións das principais institucións ilustradas galegas. 	CSC CAA CCL

U.D. 5- Inicios e consolidación do réxime liberal

- A natureza do cambio histórico que experimenta a sociedade e o Estado neste período.
- A situación española deses momentos en relación coa situación internacional: o Imperio de Napoleón e a Europa dos Congresos.
- Os factores que contribúen á especificidade da revolución liberal española.
- As distintas ideoloxías políticas a comezos de XIX: absolutistas, liberais e reformistas (jovellanistas, afrancesados).
- A transcendencia política e económica da independencia das colonias españolas de América.
- As ideoloxías políticas dominantes e as minoritarias do século XIX en España.
- As características do Estado liberal moderado en comparación con outros modelos de réxime representativo (progresista e democrático).

Carga horaria: 15 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
------------	----------	-------------------------	---------------------------	-------------

a,b,c,d,e,h,i,m p	<p>5.1. Crise do Antigo Réxime e revolución liberal</p> <ul style="list-style-type: none"> - Liberalismo: principios e institucións - A crise da monarquía e a invasión napoleónica - As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 - A restauración de Fernando VII. 1814-1833 - Independencia da América española - Carlismo fronte a liberalismo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1. Identificar os principios e institucións do sistema liberal, coñecer o proceso da revolución liberal no contexto da guerra contra os franceses e as dificultades para a súa instalación definitiva. Coñecer os trazos do proceso de independencia das colonias americanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1.1. Define os principios e institucións característicos do liberalismo. ▪ 5.1.2. Valora a crise da monarquía española no contexto das guerras napoleónicas. ▪ 5.1.3. Identifica os trazos e fases da guerra de independencia e a súa incidencia en Galicia. ▪ 5.1.4. Coñece e valora o labor das Cortes de Cádiz. ▪ 5.1.5. Sintetiza as fases políticas do reinado de Fernando VII e valora o enfrontamento entre absolutismo e liberalismo. ▪ 5.1.6. Coñece os trazos e identifica as fases do proceso de independencia das colonias americanas. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m p	<p>5.2. A construción do Estado liberal</p> <ul style="list-style-type: none"> - Liberalismo doutrinario: moderados e progresistas - O réxime do Estatuto Real e o triunfo liberal. 1833-1836 - O réxime progresista de 1837. 1836-1843 - O réxime moderado de 1845. 1843-1868 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2. Diferenciar as correntes do liberalismo e identificalas na súa aplicación concreta nas diferentes etapas do reinado de Sabela II. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2.1. Describe os trazos do réxime do Estatuto Real e os acontecementos máis destacados do período. ▪ 5.2.2. Sintetiza as fases políticas do reinado de Sabela II e valora o enfrontamento entre as diferentes correntes liberais, así como as dificultades provocadas polos carlistas.. ▪ 5.2.3. Valora as reformas económicas e políticas liberais en relación con 	CSC CAA CCL

a,b,c,d,e,h,i,m p	5.3.O Sexenio Democrático. 1868-1874 - Liberalismo democrático: demócratas e republicanos - A Revolución de 1868 - A Monarquía democrática de Amadeo I. 1871-1873 - A Primeira República. 1873-1874 - O republicanismo en Galicia durante o Sexenio	<ul style="list-style-type: none"> 5.3.Coñecer as ideoloxías políticas protagonistas de Sexenio e a súa actividade nas diferentes fases da etapa. 	Galicia. <ul style="list-style-type: none"> 5.3.1.Diferencia as ideoloxías políticas do Sexenio e as súas realizacións máis destacadas. 5.3.2.Describe e valora os acontecementos de 1868 e as súas consecuencias. 5.3.3.Valora a actividade dos republicanos galegos durante o Sexenio. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m g	5.4.O modelo de Estado na España liberal	<ul style="list-style-type: none"> 5.4.Recoñecer e sintetizar as características do modelo de Estado na España liberal. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.4.1.Describe os trazos do modelo de Estado liberal en España. 5.4.2. Nomea os principais partidos políticos do período e identifica a súa ideoloxía. 5.4.3.Elabora un eixe cronolóxico entre 1808 e 1874 no que sitúa os feitos máis significativos. 	CSC CAA CCL CCEC CD CMCCT

U. D. 6- As transformacións socioeconómicas na España liberal

- Os cambios no modelo demográfico que se producen na sociedade española do século XIX e comezos do XX, así como as causas e destinos da emigración.
- As consecuencias da revolución agraria liberal e das desamortizacións para os distintos sectores afectados.
- As características e factores dos inicios da industrialización en España.
- Os factores que interveñen nos desequilibrios territoriais do século XIX.
- As ideoloxías de maior transcendencia no movemento obreiro e as principais organizacións.
- As causas que levan á conflictividade social tanto no campo como nas cidades.
- A orixe e características da reivindicación feminina.

Carga horaria: 8 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
------------	----------	-------------------------	---------------------------	-------------

a,b,c,d,e,h,i,m p	6.1. Modernización demográfica e emigración - Permanencia e cambios no modelo demográfico - A emigración a América	<ul style="list-style-type: none"> 6.1. Identificar os trazos dos modelos demográficos e dos movementos migratorios do século XIX e comezos do XX. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.1.1. Caracteriza os trazos do modelo demográfico antigo e os cambios orixinados no mesmo ao longo do século XIX. 6.1.2. Identifica as causas e as consecuencias dos movementos migratorios. 6.1.3. Valora a incidencia da emigración en Galicia. 	CSC CAA CCL CCEC
a,b,c,d,e,h,i,m p	6.2. As transformacións agrarias - As desamortizacións - Desigual evolución da agricultura - A conflitividade agraria	<ul style="list-style-type: none"> 6.2. Coñecer e valorar as propostas e realizacións dos gobernos liberais relacionadas coas transformacións agrarias. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.2.1. Identifica e comenta os obxectivos básicos da reforma agraria liberal, destacando as actuacións relacionadas coa desamortización. 6.2.2. Recoñece e caracteriza a desigual evolución da agricultura na España liberal. 6.2.3. Caracteriza e valora a especificidade da desamortización en Galicia. 	CSC CAA CCL CCEC
a,b,c,d,e,h,i,l,m p	6.3. Atraso e desenvolvemento industrial - O desenvolvemento capitalista da España liberal - A reforma agraria liberal e as desamortizacións - Desigual evolución da agricultura en España - A diversidade rexional na industria - O ferrocarril e a formación do mercado interior	<ul style="list-style-type: none"> 6.3. Caracterizar os sectores máis destacados dos inicios da industrialización da España liberal. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.3.1. Identifica e describe os sectores máis destacados das principais zonas industrializadas. 6.3.2. Valora a significación do ferrocarril na formación do mercado interior. 6.3.3. Caracteriza a evolución dos sectores artesanais de Galicia e o papel da industria conserveira como industria de arrastre. 	CSC CAA CCL CCEC CMCCT

	- A renovación das estradas e dos portos. Correos e telecomunicacións		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.3.4. Compara o desenvolvemento industrial español co dos países máis avanzados de Europa. ▪ 6.3.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interiores condicionamentos xeográficos. 	
a,b,c,d,e,h,i,m p	6.4.Nova sociedade de clases e dominio burgués - Os grupos tradicionais - Os novos grupos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.4.Comprender e valorar os novos criterios de organización social e o papel desempeñado polos diferentes grupos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.4.1.Identifica e valora os cambios máis significativos que afectaron aos grupos tradicionais: a nobreza e o clero. ▪ 6.4.2.Caracteriza e compara a situación do campesiñado andaluz e galego. ▪ 6.4.3.Valora o papel que desempeñou a burguesía no proceso de cambio económico, social e cultural. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m p	6.5.Conflitividade social e movemento obreiro - As condicións de vida da clase traballadora - A reacción contra as máquinas: o ludismo - A protesta organizada: a folga - Sociedades de resistencia e sindicatos de oficios - As novas ideoloxías obreiras - Sindicatos e partidos obreiros - A conflitividade urbana: os motíns de consumos - A resposta	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.5.Coñecer as ideoloxías de maior influencia no movemento obreiro e as principais organizacións, así como as causas e manifestacións da conflitividades rural e urbana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.5.1. Identifica os trazos do anarquismo e do socialismo marxista e as principais institucións xurdidas en España baixo estas influencias. ▪ 6.5.2.Analiza e comenta a situación do proletariado nos inicios da industrialización. ▪ 6.5.3.Caracteriza a orixe e principais manifestacións da conflitividade agraria e urbana, destacando a situación do campesiñado 	CSC CAA CCL

	patronal e do Estado		galego. <ul style="list-style-type: none"> 6.5.4. Explica a actitude das autoridades e da patronal ante as manifestacións obreiras. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	6.6. A reivindicación feminina	<ul style="list-style-type: none"> 6.6. Recoñecer a consideración social, xurídica e política da muller na España liberal. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.6.1. Sintetiza a condición feminina en todos os ámbitos da España decimonónica. 6.6.2. Describe a situación da muller traballadora. 6.6.3. Valora os inicios da incorporación da muller ao traballo extradoméstico. 	CSC CAA CCL

U. D. 7- Estado e nación na Restauración borbónica

- O sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
- As causas que levaron á crise do sistema.
- As causas que levaron á Ditadura e a fin do sistema constitucional e liberal.
- As características da ditadura de Primo de Rivera e as súas similitudes e diferenzas co fascismo italiano.
- As críticas que os rexeneracionistas facían ao sistema político da Restauración e as propostas de reforma política, social, económica e cultural.
- A diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo.

Carga horaria: 14 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m g p	7.1. O Réxime da Restauración borbónica - O reinado de Afonso XII. 1875-1885 - A rexencia de María Cristina de Habsburgo. 1885-1902 - A Galicia dos caciques	<ul style="list-style-type: none"> 7.1. Caracterizar o sistema político da Restauración e o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> 7.1.1. Identifica os principios do sistema canovista e a súa aplicación no sistema da quenda. 7.1.2. Describe o sistema caciquil, con especial referencia a Galicia. 7.1.3. Sintetiza os principais acontecementos do reinado de Afonso XII. 7.1.4. Representa unha liña do tempo 	CSC CAA CCL CMCCT CD

			desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>7.2.O reinado de Afonso XIII e a crise do sistema da Restauración. 1902-1931</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os inicios do reinado e as propostas de reforma. 1902-1916 - A quebra do sistema da Restauración. 1917-1923 - A ditadura de Primo de Rivera. 1923-1930 - A fin da monarquía. 1930-1931 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.2.Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.2.1.Valora os acontecementos do 98 e as súas consecuencias, destacando o papel dos rexeneracionistas. ▪ 7.2.2.Coñece e analiza as causas e acontecementos máis destacados que provocaron a crise do sistema da Restauración. ▪ 7.2.3.Analiza as forzas de oposición ao sistema, destacando a posición de republicanos e nacionalistas da periferia. ▪ 7.2.4.Analiza as circunstancias que puxeron fin á ditadura e os intentos de proclamar a república. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m n p	<p>7.3.Nación e nacionalismos en España</p> <ul style="list-style-type: none"> - O nacionalismo español - Rexionalismos e nacionalismos periféricos - O catalanismo - O nacionalismo vasco - O galeguismo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.3.Comprender a orixe e desenvolvemento dos movementos de reivindicación nacionalista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.3.1.Define os diferentes conceptos de nación e identifica os trazos definidores da nación española para os conservadores e os demócratas. ▪ 7.3.2.Describe as tendencias políticas máis destacadas e os procesos de formación dos nacionalismos periféricos en España, destacando o caso de Galicia. ▪ 7.3.3.Representa unha liña do tempo desde 1875 ata 1931 e sitúa nela 	CSC CAA CCL CMCCT

			os acontecementos máis significativos.	
--	--	--	--	--

U. D. 8- Segunda República e Guerra Civil

- As causas que levaron á proclamación da Segunda República.
- As características principais do réxime republicano, así como os distintos partidos políticos que foron protagonistas do período republicano.
- Os conflitos que se desenvolveron na España republicana e os grupos sociais afectados.
- As causas do fracaso da experiencia republicana e o seu desenlace nunha Guerra Civil.
- A evolución das operacións militares e o avance das fronteas de guerra, así como os condicionamentos do seu desenlace
- O diferente desenvolvemento político e social na España republicana e na España *nacional*.
- A axuda estranxeira recibida en ambos bandos durante a Guerra.
- O significado deste conflito para a evolución de España, así como as súas consecuencias.

Carga horaria: 10 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m g n	8.1. A Segunda República - A proclamación da República - As forzas sociais e políticas na República - O Bienio Reformista. Abril 1931-novembro 1933 - O Bienio de Dereitas. Novembro 1933-febreiro 1936 - A Fronte Popular. Febreiro-xullo 1936 - A idade de prata da cultura española. Da xeración do 98 á do 36	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.1.Explicar e comprender a Segunda República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración e diferenciar os sucesivos gobernos e as súas actuacións e dificultades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.1.1. Explica o contexto de proclamación da Segunda República, as primeiras medidas tomadas polo novo goberno e as dificultades que xurdiron. ▪ 8.1.2. Identifica as forzas de apoio e de oposición á República e valora a significación das reformas introducidas pola nova Constitución. ▪ 8.1.3. Sintetiza as actuacións e dificultades do Bienio Reformista, do Radical-Cedista e da Fronte Popular. ▪ 8.1.4. Valora a 	CSC CAA CCL CCEC CD

			<p>Idade de Prata da cultura e amplía información a través da consulta da rede sobre algún aspecto concreto.</p> <ul style="list-style-type: none"> 8.1.5. Analiza os antecedentes da Guerra Civil. 	
a,b,c,d,e,h,i,m g	<p>8.2. A Guerra civil</p> <ul style="list-style-type: none"> - A sublevación militar e a formación dos bandos - A internacionalización do conflito - A evolución da guerra - A España republicana - A España sublevada 	<ul style="list-style-type: none"> 8.2. Analizar a Guerra Civil, coas súas causas, desenvolvemento e consecuencias, diferenciando a situación nas dúas zonas en que quedou dividida España. 	<ul style="list-style-type: none"> 8.2.1. Compara a evolución política, social e económica dos dous bandos enfrontados. 8.2.2. Sintetiza as fases da Guerra desde o punto de vista militar. 8.2.3. Analiza as consecuencias da derrota republicana e da vitoria dos sublevados. 8.2.4. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. 8.2.5. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	<p>CSC CAA CCL CD CMCCT</p>

U. D. 9- España no franquismo

- Os trazos ideolóxicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- A evolución económica e social da ditadura franquista.
- A dualidade cultural existente na España franquista
- O labor da oposición á ditadura.

Carga horaria: 11 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	9.1. Bases e apoios da ditadura franquista - Leis Fundamentais - Franco, caudillo de España - Un reino sen rei - O Movemento Nacional - Unidade da patria e centralismo - Nacionalcatolicismo - Sindicalismo vertical - Limitación dos dereitos individuais - Subordinación da muller - A democracia orgánica	<ul style="list-style-type: none"> 9.1. Caracterizar a ideoloxía, os apoios e as bases do réxime franquista. 	<ul style="list-style-type: none"> 9.1.1. Describe as bases e os apoios do franquismo. 9.1.2. Analiza os principios do Movemento Nacional como fundamentación ideolóxica da ditadura. 9.1.3. Describe os trazos da democracia orgánica. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	9.2. Unha longa posguerra. 1939-1959 - Da amizade cos fascismos ao illamento exterior ao recoñecemento internacional - Da autarquía económica aos inicios da liberalización - A represión dos vencidos	<ul style="list-style-type: none"> 9.2. Analizar a etapa da posguerra no contexto interior e internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> 9.2.1. Sintetiza a posición de España durante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias. 9.2.2. Analiza as dificultades económicas da posguerra. 9.2.3. Explica a situación da oposición política durante a posguerra, tanto no interior coma no exterior de España. 	CSC CAA CCL CMCC T
a,b,c,d,e,h,i,m	9.3. Desenvolvemento económico e inmovilismo político. 1959-1973 - Os Planos económicos - Cambios sociais e forzas de oposición - As relacións co exterior	<ul style="list-style-type: none"> 9.3. Valorar o desenvolvemento económico dos anos 60 en contraste co inmovilismo político. 	<ul style="list-style-type: none"> 9.3.1. Analiza e valora o Plano de Estabilización e as súas consecuencias. 9.3.2. Comenta os cambios sociais consecuencia do desenvolvemento económico. 9.3.3. Coñece e analiza a evolución das forzas de oposición ao franquismo. 9.3.4. Identifica 	CSC CAA CCL CMCC T

			as actuacións máis destacadas do período desde o punto de vista das relacións co exterior.	
a,b,c,d,e,h,i,m g	9.4.A agonía do franquismo. 1973-1975 - Crise económica e política - O incremento das forzas de oposición - Os problemas exteriores: a Marcha Verde - Enfermidade e morte de Franco	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.Comprender as dificultades do franquismo provocadas pola crise económica, a oposición política e os problemas exteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.1.Comprender e as múltiples dificultades do franquismo nos seus últimos anos e identifica as máis destacadas. ▪ 9.4.2.Analiza as diferentes posicións políticas ante a morte de Franco. ▪ 9.4.3. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	CSC CAA CCL CD CMCC T
a,b,c,d,e,h,i,m g n p	9.5.A cultura española durante o franquismo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5. Coñecer a evolución da cultura española, dentro e fóra de España durante a ditadura franquista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5.1.Caracteriza a cultura española durante o franquismo, diferenciando as manifestacións dentro e fóra do sistema. ▪ 9.5.2. Describe a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. ▪ 9.5.3. Procura información de interese e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. 	CSC CAA CCL CD

U. D. 10- España en democracia

- O proceso de transición á democracia.
- A España das autonomías.
- A pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español.
- As actuacións dos sucesivos gobernos democráticos.
- A Galicia autonómica.

Carga horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	10.1. A transición democrática. 1975-1977 - Proclamación e coroación do rei Xoán Carlos I - O primeiro goberno da Monarquía - Adolfo Suárez e o inicio das reformas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1. Valorar o proceso de transición desde a ditadura á democracia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1.1. Coñece e valora o proceso da transición democrática. ▪ 10.1.2. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. ▪ 10.1.3. Analiza as medidas adoptadas polos primeiros gobernos da monarquía. ▪ 10.1.4. Valorar o inicio das reformas a partir do nomeamento de Adolfo Suárez como presidente de Goberno. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	10.2.A Constitución de 1978 - Trazos xerais - Dereitos e deberes - Os poderes do Estado	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2. Coñecer e valorar os trazos básicos da actual Constitución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2.1. Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978. ▪ 10.2.2. Analiza os principios reitores da Constitución de 1978. ▪ 10.2.3. Diferencia e describe os poderes do Estado segundo a Constitución. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	10.3. Os gobernos de UCD. - Os gobernos de Adolfo Suárez.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.3. Analizar a actuación dos gobernos de Adolfo Suárez e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.3.1. Describe as principais actuacións políticas e 	CSC CAA CCL

	1977-1981 - O goberno de Leopoldo Calvo Sotelo. 1981-1982	Leopoldo Calvo Sotelo.	económicas dos gobernos da UCD. <ul style="list-style-type: none"> 10.3.2. Identifica as dificultades dos gobernos da UCD e a perda das eleccións. 	
a,b,c,d,e,h,i,m p	10.4.A creación do Estado das Autonomías	<ul style="list-style-type: none"> 10.4. Comprender o proceso de formación do Estado das Autonomías, as súas dificultades e os diferentes ritmos de consecución da autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> 10.4.1. Define o Estado das Autonomías dentro dun Estado de Dereito. 10.4.2. Analiza e comenta a nova organización do Estado e os inicios da formación das actuais Comunidades Autónomas. 	CSC CAA CCL
a,b,c,d,e,h,i,m	10.5.Os gobernos socialistas de Felipe González. - Integración de España na política internacional - O Estado do benestar - Axuste e reactivación económica - O cambio sociocultural - Escándalos e desprestixio socialista	<ul style="list-style-type: none"> 10.5. Coñecer as reformas máis significativas dos gobernos socialistas e valorar a consolidación do estado do benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> 10.5.1. Valora a significación do ascenso do socialismo ao poder. 10.5.2. Sintetiza as reformas máis significativas dos seus gobernos. 10.5.3. Valora o proceso de incorporación de España á Europa comunitaria. 	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m	10.6.Os gobernos conservadores de José María Aznar - Crecemento, privatización e moeda única - Reformas do programa conservador - A guerra de Iraq e o terrorismo de carácter xihadista	<ul style="list-style-type: none"> 10.6. Describir as principais actuacións dos gobernos do Partido Popular 	<ul style="list-style-type: none"> 10.6.1. Identifica as reformas máis destacadas do programa conservador. 10.6.2. Analiza o impacto do terrorismo xihadista e as súas consecuencias na política nacional. 	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m	10.7.Os gobernos socialistas de José Luis Rodríguez Zapatero - Reformas do programa socialista - Da bonanza á crise	<ul style="list-style-type: none"> 10.7. Analizar as reformas do programa socialista. 	<ul style="list-style-type: none"> 10.7.1. Destaca as reformas sociais máis significativas dos gobernos de J.L. Rodríguez Zapatero. 10.7.2. Valora o impacto da crise económica mundial de 2008. 	CSC CAA CCL CMCCT

	<ul style="list-style-type: none"> - Cambios sociais - A tregua de ETA e novos movementos sociais 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.7.3. Caracteriza a sociedade española nos inicios do século XXI. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>10.8. Os gobernos conservadores de Mariano Rajoy</p> <ul style="list-style-type: none"> - Medidas contra a crise - Os problemas de corrupción - Novas forzas políticas - Relevo na xefatura do Estado - O novo mapa político 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.8. Enunciar e valorar a actuación dos gobernos conservadores do Partido Popular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.8.1. Describe as actuacións máis destacadas do novo Goberno do Partido Popular. ▪ 10.8.2. Valora os problemas do Goberno e o nacemento de novas forzas políticas. ▪ 10.8.3. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes de Goberno e os feitos máis significativos das súas actuacións. 	CSC CAA CCL CMCCT
a,b,c,d,e,h,i,m g p	<p>10.9. A Galicia autonómica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os gobernos autonómicos - Unha poboación estancada - Desequilibrado desenvolvemento económico 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.9. Coñecer a evolución dos gobernos autonómicos e das súas principais actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.9.1. Sintetiza as fases do proceso preautonómico e as súas características. ▪ 10.9.2. Identifica os diferentes gobernos autonómicos e os presidentes da Xunta de Galicia e valora as súas actuacións. ▪ 10.9.3. Caracteriza a sociedade galega actual desde o punto de vista demográfico e socio-económico. ▪ 10.9.4. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes autonómicos e os feitos máis significativos das súas actuacións. 	CSC CAA CCL CMCCT CD

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

Tendo en conta as distintas metodoloxías didácticas posíbeis na ensinanza da Historia, optamos por aquela que utiliza o dobre recurso: A construción do coñecemento histórico sobre a base de fontes de diverso tipo e a exposición oral e dirección do profesorado na aula. É dicir, a ensinanza por exposición significativa e a investigadora.

A ensinanza por exposición significativa, seguindo a teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel e outros, permite conxugar dous elementos, procedentes da psicoloxía e da propia disciplina histórica: o carácter construtivo dos procesos psicolóxicos que interveñen na aprendizaxe do alumnado e a necesidade de que este aprenda non só o método do historiador senón tamén a rede conceptual básica da disciplina.

As condicións necesarias para que unha aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa serán que o material de aprendizaxe estea claramente organizado dunha forma lóxica e comprensible para o alumno e que o material resulte potencialmente significativo. É dicir, na mente do alumno debe producirse unha subordinación da nova idea (ou concepto, ou información) á idea xa existente na mente do que aprende. Por iso fai falla lanzar un nexos entre as ideas previas dos alumnos e a nova información que se lle proporciona. Este nexos consistirá nunhas cantas ideas xerais que se presentan -oralmente ou por escrito- ao alumno antes de que se poña a traballar sobre os materiais organizados.

O coñecemento histórico, ensinado desta forma, reconstrúese máis que se descubre.

Inclináronos por unha posición ecléctica, na que sen embargo predomina a metodoloxía da aprendizaxe significativa reconstrutiva, deixando o descubrimento para algunhas unidades ou partes de unidades nas que se queira insistir nas habilidades metodolóxicas ou destrezas de pensamento que permitan dominar a forma en que se constrúe a historia; e non esquecendo a necesidade de que o profesor ou profesora interveña na clase con explicacións que introduzan as unidades, orientando o traballo dos alumnos e sintetizando as conclusións ás que se debe chegar en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe. Non debe confundirse isto último coas

tradicionais clases maxistras ou ditado de apuntes, que só en contadas ocasións deben facer acto de presenza na aula.

O tipo de ACTIVIDADES que acompañarán cada tema apoiaranse en documentos ou ben en supostos de busca que conleven o uso da bibliografía especializada, prensa, entrevistas ou reflexións metodolóxicas, para o cal o alumnado contará coas orientacións básicas, e que poden englobarse nos seguintes tipos:

- Comprobación de hipóteses formuladas respecto á resolución dun determinado problema histórico.
- Utilización de fontes históricas de distinto tipo, sabendo discernir a súa validez.
- Cuestións dirixidas a dar unha explicación multicausal ou intencional dos acontecementos históricos. A estas idades é conveniente presentar xa problemas complexos que deben ter unha resposta complexa: referímonos ás explicacións causais, especialmente as que teñen varias causas.
- Comprensión do tempo en Historia, entendido como medición física (cronoloxía) ou como duración e cambio. Para o primeiro caso, poderíanse propor actividades de ordenación de acontecementos históricos nunha barra do tempo; a secuencia ordenada dun proceso histórico ou a ubicación de certos feitos dos que a súa data non se sinala nunha trama temporal. No segundo caso, as actividades deben dirixirse a resolver problemas de duración, aceleración histórica (tempo cronolóxico que dura un cambio revolucionario, é dicir, mostrar como se queiman as etapas en certas conxunturas históricas) e cambio (persistencia ou mobilidade de certas estruturas sociais, económicas, culturais, etc).
- O recurso á imaxe como fonte histórica. Comprendería actividades dirixidas á lectura e interpretación de imaxes do pasado, nos seus distintos formatos: pintura, gravado, fotografía, cine, vídeo.
- Utilización da bibliografía e redacción de traballos de síntese, nos que se recollen aspectos destacados da historia contemporánea que a xuízo do profesor poden ser motivo de ampliación e reflexión por parte do alumnado. Este tipo de actividade insírese no uso de fontes bibliográficas, a súa interpretación, o contraste de opinións entre historiadores e testemuñas da época analizada. etc.
- Comprobación dos coñecementos conceptuais. Estas actividades van dirixidas a medir o nivel de comprensión dos feitos estudados, a madurez na exposición, a complexidade nas explicacións e a situación no espazo e no tempo. En realidade, trátase do que tradicionalmente considerouse de forma exclusiva como coñecementos, pero que hoxe se amplía a todos aqueles que sinalamos anteriormente.

Na Historia de 2º de BAC, traballaremos, principalmente, con comentarios de textos, mapas, gráficos, imaxes, dos que damos algunhas pautas:

- a.- Comentarios de textos históricos, exercicio imprescindible para obter hábitos intelectuais, como a capacidade de análise, de síntese e de crítica para comprender a historia a partir das súas fontes:

- Facer unha ordenación e xerarquización das ideas que lle permita distinguir o esencial do anecdótico.

- Facer unha contextualización histórica partindo dos contidos do propio documento, que teña en conta, ademais do ámbito cronolóxico, outras dimensións (política, social, económica,,,) que lle permitan comprender, integrar e valorar o texto dentro dun determinado momento histórico. Esta contextualización é básica para facer unha boa análise do proceso histórico no que se sitúa o documento, xa que lle permitirá comentar os seus antecedentes, causas, a súa influencia ou as consecuencias na evolución do proceso.

- Elaborar as conclusións nunha redacción na que os coñecementos da materia sexan integrados na explicación do documento, redacción que respete as normas básicas que rexen a expresión e a presentación escrita.

Tamén insistiremos en que o alumno evitará os erros máis frecuentes, como son:

- Repetición de datos que xa figuren na presentación do documento e non aporten nada.

- Parafrasear, é dicir, repetir o contido do documento casi coas mesmas palabras, sen aportar nada persoal.

- Escaparse, ou sexa, tomar o texto como pretexto para desenvolver unha cuestión teórica determinada sen conexión coas ideas recollidas no texto.

b.- Comentario de mapas, táboas estatísticas e gráficos.

Todas as consideracións feitas con respecto ao comentario de texto son válidas para comentar este tipo de documentos históricos, posto que nos suministran informacións que deben ser interpretadas, e tamén conteñen unhas ideas relevantes e outras secundarias que obligan á súa xerarquización.

Con respecto aos mapas históricos, teremos en conta que son representacións do espazo nas que se informa dun determinado momento ou proceso. Polo tanto, debe partirse dunha clara delimitación das circunstancias históricas reflectidas no mapa. Tamén cómpre que o alumno se fixe na relación con momentos anteriores e posteriores: semellanzas e diferenzas, causas e consecuencias.

En canto ás táboas de datos estatísticos, débese centrar a análise na propia interpretación dos datos que suministran. Segundo os casos, é importante fixarse nos datos absolutos e relativos, así como na evolución cronolóxica dos mesmos: cambios e continuidades, avances, crises, retrocesos,... en relación co proceso ou asunto do que se trate.

En relación coas gráficas débese partir de que case sempre son representacións de datos estatísticos e, polo tanto, a súa interpretación e comentario son procesos moi parecidos aos que deben seguirse coas táboas estatísticas.

Materiais e recursos didácticos

Consideramos que é positivo para os alumnos dispoñer dun libro de texto que aporte materiais para o traballo, o que tamén facilita a labor dos profesores. Decidimos adoptar para tal fin, ao adecuarse ao noso proxecto, o libro de Baía Edicións, Consorcio editorial galego, de Historia de España para 2º de BAC.

Utilizaranse os medios didácticos idóneos para cada tema, tendo en conta os recursos con que contamos no Instituto: proxector, internet, textos e documentos, material de prensa, mapas, vídeos, presentacións...

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Avaliación.

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

A aprendizaxe da Historia conleva unha serie de dificultades relacionadas non só coa memorización, senón coa asunción de conceptos con frecuencia abstractos, procedementos propios da tarefa do historiador, e valores.

A avaliación ten que estar integrada no proceso de ensinanza aprendizaxe, non reducíndose, polo tanto, a actuacións illadas.

Con esas consideracións avaliaremos non só a aprendizaxe de feitos, conceptos e principios, senón tamén a de procedementos, actitudes e valores , o que fai preciso contar cos instrumentos de avaliación e medición axeitados. Estes instrumentos poderán ser os seguintes:

a) O coñecemento do alumnado que xorde da interpretación dos datos contidos na avaliación inicial, así como na utilización de técnicas de observación directa e indirecta.

b) O Caderno do alumnado, onde se poidan observar aspectos formais (a presentación), metodolóxicos (resumos, vocabulario específico), conceptuais (corrección de ideas previas, ampliación de contidos), procedementais e actitudinais.

c) Probas escritas e, nalgúns casos, orais do alumnado. Son controles ou probas dentro da avaliación sumativa, que permiten descubrir problemas e deficiencias no proceso de ensino-aprendizaxe, así como os distintos ritmos nese proceso. Valoraríanse, de forma especial, os contidos procedementais, a capacidade de razoamento e as actitudes alcanzadas.

d) Intervencións no conxunto da clase ou en pequeno grupo. Desta forma poderemos valorar as súas actitudes ante o traballo en equipo, a tolerancia, as aportacións razoadas de carácter individual, etc.

e) Cuestionarios, debates, postas en común, onde o alumnado poida manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do proceso educativo, así como enxuizar o papel do profesorado como orientador do traballo na aula.

f) Observación diaria por parte do profesor do traballo cotiá do alumnado na clase. Valoración da expresión oral e escrita, dos traballos realizados individual ou colectivamente, así como os traballos de indagación que se lles propoñeren.

Cualificación

Á hora de cualificar utilizaranse os seguintes instrumentos:

a) Realización por parte dos estudantes de distintas probas escritas ou exames.

Para a realización de exames seguirase o modelo marcado na circular enviada polo grupo de traballo de Historia de España da ABAU

Deseñouse un exame con 3 exercicios, tal como se expón de seguido:

1. Pregunta semiaberta: definir conceptos históricos básicos.
2. Pregunta aberta: responder a unha cuestión entre dúas opcións posibles.
3. Composición histórica.

1.- Definir conceptos históricos:

Preténdese que o alumnado amose precisión no manexo dos termos históricos.

A resposta debe ser concreta, conforme ó estilo das entradas dos dicionarios especializados.

Recoméndase unha extensión máxima de 3-4 liñas por concepto.

Os conceptos para definir serán 4 e o seu valor total 2 puntos (0,5 puntos por concepto).

2.- Pregunta para desenvolver (3 puntos):

O obxectivo deste exercicio é que o alumnado mostre o seu dominio dos contidos, pero tamén a súa capacidade para artellar unha resposta razoada e coherente.

A resposta debe cingirse á cuestión presentada. Recoméndase unha extensión máxima dunha cara de folio (25-30 liñas).

O seu valor é de 3 puntos.

3.- Composición histórica (5 puntos): Valor do exercicio: 5 puntos.

-Exames ou probas de avaliación específicas, serán o procedemento principal de avaliación e suporá como mínimo o 85% da cualificación final.

Para cualificar os exames teranse en conta os criterios xerais e específicos da materia, así como a claridade na expresión, a expresión escrita tanto gramatical como ortográfica, a coherencia na exposición das ideas, a adecuación nas respostas, a elaboración dun discurso lóxico, que faga referencia a fontes concretas e ben ubicadas no tempo, e un uso correcto e rigoroso da terminoloxía básica, a capacidade de relación, análise e comprensión dos feitos, non se tolerarán erros graves nas expresións.

- Realizarase un exame como mínimo por avaliación.
- Até un máximo do 15% da cualificación final incluírá tarefas de carácter obrigatorio orientadas a fomentar o esforzo, a aprendizaxe autónoma e o pensamento crítico, así como a facilitar a asimilación dos contidos fundamentais do curso: Elaboración e ampliación de apuntamentos, esquemas, resumos e comentarios de texto, exercicios. Esta parte da cualificación será ponderada polo profesor xunto a observación do traballo do alumnado na aula, atendendo tanto á súa actitude, asistencia diaria, interese, participación e aproveitamento na aula.
- O profesor fixará exercicios e diferentes probas para que o alumnado poida recuperar a **materia pendente**. A realización deses exercicios e probas é obrigatoria e o non realizalas suporá a non superación da materia.

Cualificación final

A cualificación final será a media aritmética da nota das tres avaliacións. No caso de terse presentado a algunha recuperación terase en conta a nota do exame de recuperación para facer a media.

A nota do aprobado será o 5. As notas inferiores a 5 implican non superar a materia, xa que o redondeo se ten realizado nas respectivas avaliacións.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria consistirá nun exame similar aos da ABAU cunha parte teórica e outra práctica. Cada parte terá diferentes preguntas e formarán dous bloques independentes que se valorarán nun 50% teoría e 50% práctica. Deixar un bloque sen resposta implica suspender a proba.

A nota do exame supón o 100% da cualificación.

5- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Unha vez explicado o tema o profesor proporá a realización de distintas actividades, tendentes a facilitar un mellor repaso do tema, e que serve para que o profesor recalque aqueles aspectos nos que puideran xurdir dificultades e permitindo que os alumnos que podan ter maiores dificultades reciban unha atención máis personalizada.

Igualmente, se detectáramos algún caso de alumno con altas capacidades, a realización destas actividades permitiría aplicar un tratamento máis específico ao mesmo, tendendo ao máximo aproveitamento das mesmas.

6- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais abranguen contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado dende a complementariedade.

Non poden formularse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inserido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.

Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro. Estes temas son: Educación ambiental, Educación para a paz, Educación do consumidor, Educación vial,

Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos, Educación para a saúde, Educación na sexualidade e Educación cívica e moral

7- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Non está previsto realizalas, pois o programa resulta moi amplo e o tempo é necesario para o desenvolvemento do mesmo. Non obstante poderemos participar naquelas que organice o centro destinadas aos nosos alumnos.

8- CONTRIBUCIÓN PROXECTO LECTOR.

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. Nunha área como Xeografía e Historia a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos. Parece, polo tanto, preciso fomentar a lectura para garantir a comprensión lingüística dos alumnos.

- Potenciarase a lectura de libros recomendados.
- Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan Historia non só a través do texto expositivo, senón tamén doutros tipos de texto. Así mesmo ensinaráselles aos alumnos a ler textos históricos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a situar os textos no seu contexto histórico e xeográfico, e a seleccionar as ideas principais. Por outra banda aprenderán a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información de varias fontes.
- Promoverase que os alumnos lean un conxunto de informacións para que formen a súa propia opinión sobre temas polémicos e de debatelos cos seus compañeiros.
- Intentarase que os alumnos aprendan a identificar os aspectos subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron. Ademais analizarán textos de todo tipo: políticos, económicos, periodísticos ...
- Proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán . Estas actividades de comprensión lectora poden ser de varios tipos:
 - Actividades sobre o vocabulario máis difícil ou específico.
 - Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
 - Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas (causa-efecto, comparación, semellanza ...) difíciles de descubrir polos alumnos, pois adoitan estar ocultos no texto.
 - Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas, etc., ferramentas que son moi útiles para comprender e estudar . actividades en que se pide aos alumnos

que dean a súa opinión persoal e que implican a transformación do estudado en coñecemento propio.

9- CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi potentes desde o punto de vista didáctico. As posibilidades de traballar coas novas tecnoloxías son varias, cada profesor pode elixir, segundo os seus gustos e necesidades pero tendo sempre en conta a necesidade de compensar a desigualdade no acceso

- Recorreremos a Internet para buscar información sobre actividades ou diversos aspectos da materia
- Empregaremos recursos multimedia, con presentacións audiovisuais para os bloques que conforman a materia. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, se o houbera, ben simplemente cun ordenador e un canón. Estas presentacións poden incluír animacións, vídeos, imaxes, esquemas, textos e actividades que poden proxectarse ao longo da explicación na clase e que, sen dúbida, farán máis rica e interesante a exposición.

10- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Descritores.

Identifica e describe a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico..

Explica as causas do cambio que leva do Paleolítico ao Neolítico.

Recoñece as diferenzas entre unha pintura de arte cántabro e unha de arte levantino, explicando as súas características.

Identifica e describe os avances técnicos que posibilitan a idade dos metais e as súas repercusións.

A partir de textos proporcionados, distingue a súa importancia para o coñecemento histórico.

Explica as características básicas do reino de Tartesos.

Clasifica nunha táboa os principais pobos colonizadores da Península Ibérica indicando as súas apartacións.

Indica as principais colonias Gregas, Fenicias e Cartaxinesas.

Recoñece nun mapa a área cultural Celta e Ibera.

Explica as distintas fases da conquista da Península Ibérica polos Romanos.

Explica o concepto de romanización e a súa importancia.

Identifica e describe os medios empregados polos Romanos no seu proceso romanizador.

Explica o distinto grao de romanización na Península ibérica indicando as súas causas.

Explica o proceso de invasións dos pobos bárbaros.

Identifica e describe as características da monarquía dos Visigodos.

Xustifica a orixe da Sociedade Estamental na Alta Idade Media.

Explica as causas da caída do reino Visigodo.

Elabora unha exposición para a clase sobre o mantemento do legado cultural e artístico de Roma na España actual.

Elabora un eixe cronolóxico que amose os principais procesos e feitos históricos acaecidos desde o 250 a. C., ata o ano 711.

Explica as causas da invasión dos musulmáns no 711 e os motivos da rápida ocupación.

Elabora unha liña do tempo cos principais feitos e procesos históricos ocorridos en Al-andalus e nos reinos cristiáns entre o ano 711 e o ano 1474.

Identifica e describe as distintas etapas da evolución política de al Andalus.

Explica os cambios económicos, sociais e culturais introducidos en Al Andalus.

Explica a formación dos núcleos de resistencia cristiáns ao avance musulmán.

Identifica e describe as grandes etapas da Reconquista recoñecendoas nun mapa.

Explica a orixe e funcións das Cortes medievais.

Describe a organización política das Coroas de Castela e Aragón ao remate da Idade Media.

Describe os distintos sistemas de repoboación empregados ao longo da Reconquista.

Recoñece a importancia posterior do proceso repoboador.

Explica a evolución económica das Coroas de Castela e Aragón e as súas repercusións.

Describe a formación e características do réxime señorial na España cristiá.

Describe a formación e características da sociedade estamental na España cristiá.

Identifica e describe a interrelación cultural que se produce na España Cristiá coa mestura das tres relixións: cristiáns, musulmáns e xudeus.

Elabora unha exposición para a clase sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago.

Explica o concepto de Unión Dinástica.

Describe as características do novo Estado que xurde trala voda de Isabel e Fernando.

Explica a expulsión dos xudeus dentro da política de unidade relixiosa emprendida polos Reis Católicos.

Identifica a conquista de Granada como o último paso da Reconquista.

Relaciona o descubrimento de América coa nova mentalidade renacentista.

Explica os grandes obxectivos da política matrimonial dos Reis Católicos e as consecuencias da mesma.

Elabora unha táboa coas herdanzas de Carlos I e de Filipe II.

Localiza nun mapa de Europa os dominios de Carlos I e de Filipe II.

Describe o modelo político polisinodial dos Austria.

Explica a conflictividade interior e exterior da Monarquía Hispánica no século XVI.

Explica a expansión colonial que ten lugar no século XVI.

Lee o texto de Bartolomé de las Casas e explica as súas críticas, así como as súas repercusións.

Explica os sistemas de explotación colonial en América.

Identifica e describe a repercusión económica para España e Europa do descubrimento do novo mundo.

Explica a figura do valido e o seu papel na crise da Monarquía no século XVII.

Describe e explica o proxecto reformista de Olivares.

Identifica as causas da Guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a Monarquía dos Austria. Localiza nun mapa de Europa as consecuencias da paz de Westfalia.

Identifica as causas do levantamento de Cataluña e Portugal en 1640, sinalando as súas similitudes.

Recoñece o diferente resultado das sublevacións de Cataluña e Portugal en 1640.

Identifica e xustifica a crise demográfica e económica do século XVII en España.

Elabora unha liña do tempo cos principais feitos e procesos dos séculos XVI e XVII.

Elabora unha exposición para a clase sobre algún pintor do século de Ouro Español.

Explica o problema sucesorio que leva á Guerra de Sucesión dentro da xeopolítica Europea do momento e localiza nun mapa os distintos bandos enfrontados na Guerra de Sucesión.

Explica o desenvolvemento da guerra e o seu final.

Elabora unha liña do tempo entre 1700 e 1788 situando nela os principais feitos e procesos.

Explica e sitúa nun mapa a paz de Utrecht e a nova orde Europea que xurde nela.

Explica o papel dos Decretos de Nova Planta na configuración do novo modelo de Estado borbónico.

Elabora unha táboa na que compares o modelo administrativos dos Austria co novo implantado polos Borbón.

Explica as medidas emprendidas polos Borbón para sanear a Real Facenda fronte ao complexo sistema fiscal anterior.

Identifica a política regalista dos Borbón como un paso máis no avance cara ao absolutismo.

Explica o motín de Esquilache como resistencia fronte as reformas ilustradas e a expulsión dos xesuítas a consecuencia do mesmo.

Elabora unha táboa comparando a evolución demográfica do século XVII coa do XVIII.

Describe o modelo agrícola do século XVIII en España.

Explica as principais medidas reformistas que sobre a agricultura promoveron os ilustrados españois.

Identifica e xustifica as medidas dos Ilustrados españois tocantes á industria.

Explica a política comercial emprendida con respecto de América.

Xustifica a liberalización do comercio adoptada por Carlos III.

Compara o modelo económico catalán e Galego no século XVIII, identificando semellanzas e diferenzas.

Define Ilustración e Despotismo Ilustrado.

Relaciona o Despotismo Ilustrado co nivel de desenvolvemento económico do país.

Explica as ideas principais dos Ilustrados españois.

Xustifica os diversos mecanismos de difusión do pensamento ilustrados así como a súa repercusión na época.

Razoa a importancia que a Revolución Francesa tivo sobre a política de Carlos IV

Explica a vacilante política exterior de Godoy nas relacións con Francia.

Analiza o proceso que leva a entrada de tropas francesas en España e conduce ás abdicacións de Baiona.

Explica as causas da Guerra da Independencia.

Analiza a composición dos bandos enfrontados na Guerra da Independencia.

Identifica as principais fases da Guerra da Independencia.

Explica o proceso que conduce á convocatoria das Cortes de Cádiz e a elección da cidade.

Indica semellanzas e diferenzas entre as Cortes estamentais do Antigo Réxime e as de Cádiz.

Enumera as características das Cortes de Cádiz e a súa labor lexislativa.

Identifica e explica as características da Constitución de 1812.

Explica a situación que se vive en España ao regreso de Fernando VII e as alternativas do rei, así como a postura adoptada polo mesmo e a reacción que provoca no liberais.

Analiza a problemática do Trienio Liberal.

Identifica e describe os problemas que representa a volta ao Antigo Réxime, especialmente o da Facenda.

Explica o problema sucesorio de Fernando VII.

Explica a orixe do Carlismo no proceso reformista emprendido por Fernando VII.

Define o Carlismo e enumera as características do mesmo. Identifica os seus apios.

Elabora unha liña de tempo cos principais feitos e procesos acaecidos entre 1788 e 1833.

Constrúe unha táboa sinalando as diferenzas políticas e sociais entre o Antigo Réxime e o Liberalismo.

Identifica e describe as causas que impulsaron o proceso de independencia das colonias Españolas de América.

Explica o proceso de independencia das colonias americanas de España.

Indica as consecuencias económicas que se derivan para España da perda do seu imperio colonial.

Elabora unha exposición para a clase sobre a visión que Goya tivo da Guerra da Independencia.

Localiza nun mapa a área de influencia do Carlismo.

Lee o texto de María Teresa de Braganza e extrae características do Carlismo.

Explica a ideoloxía carlista e relaciónaa co contexto internacional.

Explica os apoios sociais do Carlismo.

Identifica e explica as causas da primeira Guerra Carlista.

Identifica e explica as causas da segunda Guerra Carlista.

Indica as consecuencias da primeira Guerra Carlista.

Elabora unha liña de tempo cos principais feitos e procesos históricos entre 1833 e 1874.

Identifica os distintos partidos políticos existentes durante o reinado de Isabel II.

Caracteriza os distintos partidos políticos existentes no reinado de Isabel II.

Identifica e describe os principais feitos da Rexencia de María Cristina.

Identifica e describe os principais feitos da Rexencia de Espartero

Explica a organización do estado levada a cabo polos Moderados.

Identifica e describe os principais feitos do Bienio Progresista.

Analiza a estabilidade política e a actividade exterior do período da Unión Liberal.

Explica a crise final do reinado de Isabel II.

Sinala o papel dos militares nos diferentes períodos do reinado de Isabel II.

Explica as medidas de liberalización do mercado da terra durante o reinado de Isabel II.

Analiza as causas, desenvolvemento e consecuencias da desamortización de Mendizabal.

Analiza as causas, desenvolvemento e consecuencias da desamortización de Madoz.

Elabora unha táboa comparando a sociedade estamental coa moderna sociedade de clases.

Identifica e describe as distintas clases sociais existentes con Isabel II.

A partir da lectura dos textos, extrae características do Estatuto Real, e das Constitucións de 1837 e 1845

Compara nunha táboa o Estatuto Real e as Constitucións de Isabel II.

Caracteriza as distintas ideoloxías que inspiran as Constitucións no reinado de Isabel II.

A partir das lecturas da proclama da Xunta de Málaga e da Superior, identifica as dúas revolucións que conflúen na Gloriosa.

Explica as causas que levan a Revolución Gloriosa.

Identifica e xustifica as distintas etapas do Sexenio Democrático.

Extrae características da Constitución de 1869 a partir da lectura de parte do seu articulado.

Explica as características da Constitución de 1869.

Explica o conflictivo reinado de Amadeo I.

Deduce do texto de abdicación de Amadeo I as causas da mesma.

Analiza o proceso da Iª República e explica o seu fracaso.

Explica a ditadura de Serrano como final do Sexenio.

Explica a orixe do movemento obreiro Español.

Identifica e xustifica a conflictividade social na España do século XIX.

Explica os elementos constitutivos fundamentais do sistema Canovista.

A partir da lectura de artigos da Constitución de 1876 extrae as súas características.

Explica as características da Constitución de 1876.

Explica o funcionamento do modelo político da Restauración.

Precisa o papel do rei no modelo da Restauración.

Explica que é o caciquismo e a súa necesidade para o bo funcionamento do sistema.

Enumera distintos mecanismos de fraude electoral.

Enumera as principais medidas dos gobernos de Cánovas del Castillo.

Explica o Pacto de O Pardo.

Enumera as principais medidas dos gobernos de Sagasta.

Elabora unha liña de tempo na que sitúes os principais feitos de procesos históricos entre 1874 e 1902.

Explica a aparición dos nacionalismos periféricos na España do século XIX.

Indica as diferenzas entre Catalanismo, Galeguismo e Nacionalismo Vasco.

Explica a evolución dos Republicanos no último terzo do século XIX.

Explica a evolución do marxismo en España no último terzo do século XIX.

Explica a evolución do anarquismo no último terzo do século XIX.

Elabora unha táboa comparativa do papel dos militares no reinado de Isabel II - Sexenio e na Restauración.

Sintetiza a terceira guerra carlista: causas, desenvolvemento e consecuencias da mesma.

Explica a política española respecto da illa de Cuba.

Sintetiza a guerra de Cuba. Explica a paz de París e as consecuencias para España.

Define o Rexeneracionismo.

Explica as consecuencias económicas do desastre do 98.

Explica as consecuencias políticas do desastre do 98.

Explica as consecuencias ideolóxicas do desastre do 98.

Analiza e explica os factores do lento crecemento da poboación no século XIX español.

Compara nunha táboa a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España e os países máis avanzados de Europa

Analiza os efectos económicos da desamortización de Mendizabal.

Analiza os efectos económicos da desamortización de Madoz.

Sintetiza os límites do crecemento agrario español do século XIX.

Explica e xustifica a causa dos baixos rendementos agrarios na España do século XIX.

Sintetiza a orixe e evolución da industria téxtil catalá.

Sintetiza a orixe e evolución da siderurxia na España do século XIX, con especial incidencia na Biscaña.

Resume a evolución da minería en España.

Relaciona os aspectos anteriores do desenvolvemento do ferrocarril.

Compara o desenvolvemento industrial de España co dos países máis desenvolvidos de Europa.

Analiza as dificultades do comercio interior ata a construción do ferrocarril.

Relaciona o atraso comercial co escaso desenvolvemento industrial.

Explica o proceso de construción do ferrocarril na España do século XIX.

Analiza e describe as consecuencias que se derivan para a economía da construción do ferrocarril e aplícaas ao caso Español.

Compara proteccionismo e librecambio na política comercial Española do século XIX.

Enumera argumentos e apoios a favor e en contra do librecambio e do proteccionismo.

Analiza o proceso que leva á unificación monetaria e ao monopolo de emisión do Banco de España.

Explica o proceso de constitución da moderna banca e o seu papel na economía Española do século XIX.

Compara o sistema impositivo do Antigo Réxime coa reforma fiscal de Mon-Santillan.

Explica os elementos básicos do sistema fiscal de Mon-Santillan.

Valora os efectos da reforma fiscal de Mon-Santillan.

Analiza o efecto que os investimentos de Francia e Inglaterra xogaron no desenvolvemento económico Español do século XIX.

Valora os cambios políticos producidos entre o século XIX e XX en España.

Analiza os gobernos rexeneracionistas e os motivos do seu fracaso.

Indica as principais medidas rexeneracionistas de Maura.

Indica as principais medidas rexeneracionistas de Canalejas.

Elabora unha liña temporal entre 1902 e 1931 situando nela os principais feitos e procesos históricos.

Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.

Analiza a evolución política dos republicanos no primeiro terzo do século XX.

Analiza a evolución política dos nacionalismos periféricos no primeiro terzo do século XX.

Analiza a evolución política do movemento obreiro no primeiro terzo do século XX.

Identifica e explica as repercusións que a Primeira Guerra Mundial xogou en España.

Identifica e explica as repercusións que a Revolución Rusa tivo en España.

Explica as repercusións da Conferencia de Alxeciras en España.

Explica os intereses e resistencias a intervención española en Marrocos.

Analiza o proceso de ocupación Española do Rif e as súas dificultades.

Explica as consecuencias do proceso de ocupación do Rif Español.

Explica as causas e analiza a tripla crise de 1917.

Explica as consecuencias de pechar sen solución a crise social de verán do 1917.

Lee o manifesto de Primo de Rivera e extrae as razóns do seu golpe.

Especifica os apoios sociais ao golpe de Primo de Rivera.

Analiza o directorio militar e os feitos máis destacables do mesmo.

Analiza o directorio civil e o intento de institucionalización da ditadura.

Xustifica a crecente oposición á ditadura.

Identifica as causas que levaron ao final da ditadura de Primo de Rivera.

Sintetiza os intentos de Berenguer e Aznar de volver ao modelo da Restauración.

Explica as causas da caída da monarquía de Afonso XIII.

Analiza e explica a idade de prata da economía Española a raíz da neutralidade na Primeira Guerra Mundial.

Describe o nacionalismo económico Español auspiciado pola ditadura de Primo de Rivera.

Interpreta unha táboa que amosa o crecemento económico español durante a ditadura de Primo de Rivera.

Indica as consecuencias posteriores da política económica da ditadura.

Explica a evolución demográfica española do primeiro terzo do século XX.

Analiza as causas de dita evolución.

Explica as causas que levan a proclamación da Segunda República.

Valora as eleccións municipais de 1931.

Relaciona as dificultades da Segunda República coa crise mundial de 1929 e o contexto político de Europa.

Identifica os partidos políticos destacados da Segunda República explicando a súa ideoloxía e apoios sociais.

Explica os apoios e resistencias á República.

Analiza as eleccións xerais de 1931.

Analiza a necesidade, desenvolvemento e consecuencias da reforma militar.

Analiza a necesidade, desenvolvemento e consecuencias da reforma descentralizadora do Estado.

Analiza a necesidade, desenvolvemento e consecuencias da reforma educativa.

Analiza a necesidade, desenvolvemento e consecuencias da política laica da república.

Explica outras reformas levadas a cabo no bienio reformista da República.

Explica as características da Constitución de 1931.

Analiza en profundidade o proxecto de reforma agraria da Segunda República: causas, desenvolvemento e consecuencias.

Explica a tensión social que leva a caída do goberno de Azaña.

Analiza as eleccións xerais de 1933.

Analiza a inestabilidade do bienio radical-cedista.

Analiza as consecuencias derivadas da paralización das reformas do bienio anterior.

Analiza e xustifica o desenvolvemento da revolución de 1934.

Explica as consecuencias da revolución de 1934.

Explica o proceso de supresión da autonomía de Cataluña en 1934.

Explica as causas que levan á convocatoria de novas eleccións en 1936.

A partir da lectura do seu manifesto, explica as causas de constitución da Fronte Popular, relacionándoas co contexto Europeo do momento.

Analiza as principais medidas adoptados polo goberno da Fronte Popular.

Analiza o proceso da conspiración militar como única alternativa conservadora ante a Fronte Popular.

Analiza e describe o proceso que conduce a unha Guerra Civil.

Explica o proceso do levantamento militar e a reacción da república.

Sitúa o proceso do golpe militar co contexto de crise da democracia que se vive en Europa.

Especifica os apoios internacionais dos distintos bandos.

Analiza a evolución política e económica da zona Republicana durante a guerra civil.

Analiza a evolución política e económica do bando sublevado durante a guerra civil.

Valora as perdas humanas da Guerra civil, incluída a represión en ambos bandos.

Analiza os efectos económicos e sociais da guerra.

Esquematiza a Guerra Civil Española nas súas principais fases e acontecementos.

Elabora un eixe cronolóxico no que figuren os principais feitos e procesos históricos entre 1931 e 1939.

Elabora unha exposición para a clase sobre a Idade de Prata da cultura Española.

Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e sociais que apoian ao franquismo.

Especifica os tres piares do franquismo.

Explica a ideoloxía do franquismo.

Esquematiza as distintas etapas que se poden observar no franquismo, caracterizando os trazos esenciais de cada unha delas.

Analiza o proceso de institucionalización do Franquismo.

Explica a organización dos distintos apoios do novo réxime e o papel de Franco.

Explica a oscilante política exterior do franquismo ata 1959 e as causas da mesma.

Analiza os distintos gobernos de Franco ata 1959, indicando os motivos dos distintos cambios.

Explica as relacións exteriores do franquismo de 1959 ata o final.

Analiza os gobernos de Franco desde 1959 marcados polo enfrontamento entre inmovilistas e aperturistas.

Analiza a crise política, protestas sociais e económica que concorren en 1973.

Valora a importancia que tivo o asasinato de Luís Carrero Blanco por parte de ETA.

Analiza o goberno de Arias Navarro e o freo ás reformas.

Valora o recrudescemento da represión do réxime.

Destaca os intentos do réxime de disfrazarse de “democracia orgánica”

Valora a importancia que para España tivo o afastamento do Plan Marshall e a negativa ao ingreso na CEE polo modelo político franquista.

Analiza o período autárquico: causas, desenvolvemento e fracaso.

Analiza a importancia e necesidade do Plan de Estabilización.

Explica o proceso do desarrollismo nos anos 60, indicando tamén os seus límites.

Analiza a repercusión da crise económica de 1973 sobre o franquismo.

Analiza a sociedade do primeiro franquismo e o control do Estado e igrexa sobre ela.

Analiza a sociedade do segundo franquismo, moito máis influída pola emigración e turismo.

Explica a oposición ao réxime de Franco no período anterior aos anos 60: interior (política, sindical, maquiá) e do exilio.

Explica a oposición ao réxime de Franco no período posterior a 1959 no interior: social, política, estudantil, terrorismo, ...

Elabora un eixe cronolóxico cos principais feitos e procesos históricos entre 1939 e 1975.

Elabora unha exposición para a clase sobre a cultura do exilio durante o Franquismo.

Sintetiza as tres alternativas que aparecen a nivel político trala morte de Franco e os seus apoios.

Analiza os gobernos de Arias Navarro e o choque co rei.

Valora e explica o papel de D. Xoán Carlos I durante a Transición.

Analiza a necesidade das reformas iniciais de Adolfo Suárez.

Explica o proceso de consenso empregado por Adolfo Suárez.

Analiza e explica a Lei de Reforma Política como peza angular da transición e as resistencias á mesma.

Explica o proceso que conduce ás eleccións democráticas de 1977 e o resultado das mesmas.

Valora as causas e obxectivos dos Pactos da Moncloa. Explica as consecuencias dos mesmos.

Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978 e as súas características.

Describe o proceso de aprobación e referendo da Constitución de 1978.

Describe o proceso de restablecemento das preautonomías de Cataluña e do País Vasco.

Analiza esquematicamente os gobernos de Adolfo Suárez.

Valora as causas da crise da UCD.

Valora e explica as resistencias á transición tanto pola ultradereita como pola ultraesquerda.

Esquematiza o goberno de Calvo Sotelo.

Valora as eleccións de 1982.

Esquematiza os distintos gobernos de Filipe González.

Valora a importancia que tivo o ingreso de España na CEE.

Explica as dificultades dos gobernos do PSOE.

Valora as eleccións de 1996.

Esquematiza as distintas fases da economía Española desde 1979: saída da crise, crecemento, crise do 92, superación, crecemento e crise de 2008.

Analiza o cambio social producido en España despois de morte de Franco.

Analiza o papel xogado polo terrorismo de toda ideoloxía durante o proceso da Transición.

Analiza o proceso de desarticulación de ETA. Valora as repercusións actuais do terrorismo.

Valora a incidencia do novo terrorismo islamita na sociedade española.

Elabora un eixe cronolóxico cos principais feitos e procesos históricos entre 1975 e 2017.

Explica a posición e o papel de España actual na Unión Europea e no mundo.

Valoración dos descritores:

- Indicador de non logrado: ser incapaz de explicalo ou facelo.
- Indicador de logro baixo: ter dificultades para explicalo ou facelo.
- Indicador de logro medio: explicalo ou facelo sen dificultade de forma sinxela.
- Indicador de logro alto: explicalo ou facelo de xeito excelente e ao máximo nivel.

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A programación é revisada ao longo de todo o curso escolar nas sucesivas reunións do Departamento que se realizan mensualmente, con especial fincapé na reunión final, tralo remate do curso académico.

A fin de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, ao final de cada avaliación o profesor entregará ao alumnado unha ficha (ANEXO I) para que se cubra de forma anónima.

ANEXO I: Cuestionario alumnado para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1.- A disciplina respostou as túas expectativas?

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Moito</i>	

2.- Consideras que a disciplina é de utilidade para a túa vida diaria?

<i>Nada</i>	
<i>Poco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Mucho</i>	

3.- Consideras que foi de utilidade para outras disciplinas?

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Moito</i>	

4.- Os temas abordados resultan aplicábeis distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal e académico?

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

5.- Consideras que as temáticas abordadas foron axeitadas?

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

6.- Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

7.- *Consideras axeitada a secuencia dos temas tratados?*

<i>Si</i>	
<i>No</i>	
<i>Por que?</i>	

8.- *Valora a parte práctica*

	<i>Moi mala</i>	<i>Mala</i>	<i>Boa</i>	<i>Moi boa</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				
<i>Adaptación aos contidos</i>				
<i>Reforzo da parte teórica</i>				
<i>Aclaración de dúbidas</i>				

9.- *Valora a actuación do profesor con respecto aos seguintes aspectos:*

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>				
<i>Claridade da exposición</i>				
<i>Atención persoal aos alumnos</i>				
<i>Aclaración de dúbidas</i>				

10. *Como mellorarías a disciplina?*